

MATERIA
Psicoloxía do Desenvolvemento I

TITULACIÓN
Grao de Psicoloxía

unidade
didáctica
P1

Clasificación de condutas e actividades de xogo en función dos estereotipos sexuais

Zeltia Martínez López

Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
Facultade de Psicoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na
licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo
excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-16183-45-6

MATERIA: Psicoloxía do desenvolvemento I [G2011109]

TITULACIÓN: Grao en Psicoloxía

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

CONTIDOS TEÓRICOS

Bloque I. Os inicios do desenvolvemento: da concepción ao nacemento

Tema 1. O desenvolvemento antes do nacemento

Tema 2. O nacemento e as primeiras condutas do/a neonato/a

Bloque II. Desenvolvemento psicolóxico na primeira infancia: aspectos normativos, determinantes e avaliación

Tema 3. Desenvolvemento físico e psicomotor

Tema 4. Desenvolvemento cognitivo

Tema 5. Desenvolvemento da comunicación e da primeira linguaxe

Tema 6. O desenvolvemento socioafectivo

Práctica 1. Clasificación de condutas e actividades de xogo en función dos estereotipos sexuais

- Os conceptos de sexo e xénero
- Identidade, estabilidade e constancia de xénero
- Os estereotipos e roles de xénero
- As teorías sobre a adquisición da identidade de xénero
- Principais contextos de socialización do xénero: familia, iguais, e escola

Práctica 2. Evolución e funcións da amizade na infancia

Práctica 3. Avaliación do desenvolvemento lingüístico e comunicativo na primeira infancia: O IDCH (Inventario do Desenvolvemento de Habilidades Comunicativas)

Bloque III. Desenvolvemento psicolóxico na segunda e terceira infancia: aspectos normativos, determinantes e avaliación

Tema 7. Desenvolvemento físico e psicomotor

Tema 8. Desenvolvemento cognitivo

Tema 9. Desenvolvemento da linguaxe

Tema 10. Desenvolvemento persoal, social e moral

Práctica 4. Do pensamento preoperatorio ás operacións concretas

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS XERAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

METODOLOXÍA

ACTIVIDADES PROPOSTAS

CONTIDOS

A construción da identidade de xénero

1. Os conceptos sexo e xénero
 - 1.2. Diferenzas ligadas ao xénero
2. Identidade, estabilidade e constancia de xénero
3. As teorías sobre a adquisición da identidade de xénero
 - 4.1. Teoría psicanalítica
 - 4.2. Teoría condutista
 - 4.3. Teoría cognitiva
 - 4.4. Teoría biolóxica
4. Os estereotipos e roles de xénero
5. Principais contextos de socialización do xénero: familia, iguais, e escola

AVALIACIÓN

ANEXO 1

CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

SOBRE O INFORME DE PRÁCTICAS

PROCEDEMENTO:

PRESENTACIÓN DO INFORME:

ENTREVISTA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A psicoloxía do desenvolvemento é a disciplina da psicoloxía que se ocupa de estudar os cambios psicolóxicos normativos vinculados á idade que se dan nas persoas ao longo do ciclo vital, é dicir, dende a súa concepción ate a morte. A materia “Psicoloxía do desenvolvemento I” abrangue o estudo dos padróns de crecemento, cambio e estabilidade na conduta dende o nacemento ate o final da infancia.

Esta materia é de carácter de formación básica, ten seis créditos e impártese no segundo semestre de primeiro de grado da titulación de Psicoloxía. Aínda que non se establecen prerrequisitos normativos para cursala (agás os xerais do plan de estudos) é preciso co alumnado teña coñecementos básicos relacionados coa natureza e funcionamento dalgúns procesos cognitivos e afectivos básicos e as aproximacións metodolóxicas básicas para a investigación en Psicoloxía. En calquera caso, esta materia debe cursarse necesariamente con posterioridade á materia de Psicoloxía do desenvolvemento e da educación, na que se aportan os fundamentos teóricos e metodolóxicos da disciplina.

Unha parte fundamental da materia de Psicoloxía do Desenvolvemento I son as prácticas de campo, xa que complementan as clases expositivas cunha perspectiva aplicada sobre algúns dos seus contidos. Mediante a asistencia ás clases maxistrais, os debates e a realización do traballo de campo, o alumnado terá a posibilidade de poder familiarizarse coa aplicación dalgúns dos instrumentos de avaliación máis característicos da disciplina; aproximarse ao uso dalgunhas das metodoloxías máis empregadas para a recolección de datos evolutivos; e observar as condutas e o razoamento que caracterizan a evolución dalgunhas nocións dadas na teoría.

A presente unidade didáctica, denominada “Clasificación de condutas e actividades de xogos en función dos estereotipos sexuais”, inclúese dentro das prácticas de campo da materia, e está vinculada ao bloque do desenvolvemento psicolóxico na primeira e segunda infancia. Con esta unidade preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos sobre a construción da identidade de xénero e o desenvolvemento do coñecemento sobre o mesmo. Unha das consecuencias, e á vez motor, do progreso e desenvolvemento das persoas é a construción da súa identidade persoal ou autoconceito. Entre as diferentes características ou atributos que empregamos para definirnos como individuos e diferenciarnos dos demais cabe destacar o xénero. Dende idades moi temperás, aprendemos a describirnos a nós mesmos e aos demais en función do xénero, interiorizando todo un conxunto de expectativas e atribucións relativas a como debemos ser e comportarnos. O xénero é un dos primeiros contidos que entran a formar parte do noso autoconceito e un elemento central da nosa identidade persoal.

A duración estimada desta unidade didáctica é de unha hora e media teórica (unha clase maxistral) e catro horas e medias de prácticas, que se van desenvolver no laboratorio en tres sesións de noventa minutos cada unha delas.

OBXECTIVOS XERAIS

Preténdese que o alumnado chegue a:

- Coñecer a secuencia dos logros evolutivos dende o nacemento ata o final da infancia nos ámbitos biosocial, cognitivo, lingüístico e socio-emocional.
- Apreciar as diferenzas individuais con respecto ao desenvolvemento normativo de nenos e nenas.
- Manexar as diferentes aproximacións á avaliación do desenvolvemento infantil.
- Valorar a diversidade cultural en relación ao desenvolvemento humano.
- Adquirir hábitos de estudo, de análise crítica e de discusión de argumentos que promova a construción de coñecementos por parte do alumnado.
- Aprender a forma de exposición sintética de resultados obtidos nunha investigación ou nunha observación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ao rematar a unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Observar e analizar como se manifestan os estereotipos e roles de xénero en nenos e nenas de diferentes idades en situacións de xogo libre.
- Analizar a evolución da identidade e os estereotipos de xénero ao longo da infancia.
- Reflexionar a cerca das implicacións no desenvolvemento psicolóxico da clasificación das persoas en mulleres e homes.
- Manexar a metodoloxía observacional e a entrevista semiestruturada como estratexia de recollida de datos evolutivos.
- Aprender a plasmar de modo coherente e sistemática a información recollida no terreo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía docente encóntrase en estreita relación cos procesos de ensino/aprendizaxe e, polo tanto, planifícase de forma que conduza á consecución dos obxectivos formulados para a unidade didáctica. A metodoloxía será activa e reflexiva, combinará actividades individuais e de grupo, e promoverá a resolución construtiva das dificultades que xurdan durante a aprendizaxe. Esta metodoloxía esixe tanto unha análise teórica coma unha aproximación práctica aos contidos polo que, os métodos que incluímos, de tipo expositivo, interrogativo e por descubrimento, responden a unha serie de modalidades de ensino que se reparten entre un horario presencial obrigatorio (6 horas), de asistencia a clases teóricas e prácticas, e un horario non presencial ou de traballo autónomo por parte do alumnado (6 horas).

A docencia teórica presencial que se vai desenvolver na aula consistirá nunha clase maxistral de hora e media de duración. Con fin de facilitar o seguimento das

explicacións, o alumnado disporá previamente dunha guía na que se presentan os contidos teóricos. Prestarase especial atención a aqueles aspectos da unidade didáctica de gran relevancia para a realización da práctica de campo. Na medida do posible tratarase de fomentar a discusión colectiva na aula, de maneira que se potencie a construción de significados comúns.

Feita a exposición teórica convencional, na primeira sesión práctica farase unha breve presentación dos aspectos metodolóxicos da actividade de campo que teñen que realizar. Faranse grupos de traballo de tres persoas. Cada grupo deberá observar e rexistrar durante períodos de xogo libre, os tipos de xogo que levan a cabo crianzas de diferentes idades. Ademais, escollerán dos/dúas nenos/as de diferentes idades e aplicarán unha entrevista semiestruturada que explora diversos aspectos da identidade, os roles e os estereotipos de xénero. Acabado o exercicio elaborarán un informe no que analizarán os datos obtidos en relación coa teoría presentada e o material bibliográfico recomendado. O alumnado contará cun caderno de prácticas (ver Anexo I), no que se darán instrucións detalladas sobre a recollida de datos e a elaboración dos informes.

Na segunda sesión práctica, de hora e media de duración, na primeira parte proxectaranse varias curtametraxes (30') sobre a identidade de xénero e os estereotipos e roles sexuais. O alumnado deberá anotar en que momentos de cada vídeo pode observarse algún aspecto relacionado coa posible construción ou manifestación de estereotipos e roles de xénero. A continuación, discutirase en grupo sobre o contido audiovisual presentado, tendo en conta a teoría desenvolta na clase maxistral e o material bibliográfico dispoñible. Na segunda parte desta sesión, farase un xogo de rol, no que se representará un xuízo, onde o xénero sentará no banco dos acusados. Haberá un xurado, un xuíz, unha avogada da defensa, e unha fiscal. Debaterase a influencia que ten o xénero sobre o desenvolvemento das persoas durante a infancia e as súas posibles repercusións ao longo do ciclo vital.

Na terceira e última sesión práctica os grupos de traballo exporán oralmente o seu traballo de campo, nun tempo máximo de dez minutos. Atendendo ás pautas alumnado avaliará o traballo feito polos seus compañeiros/as, argumentando a súa cualificación.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Observar e rexistrar durante períodos de xogo libre, o tipo de xogos que as crianzas de 3 a 12 anos levan a cabo.
- Elaboración e aplicación dunha entrevista semiestruturada, a nenas e nenos entre 3 e 12 anos, que explore diferentes aspectos da identidade, roles e estereotipos de xénero.
- Elaboración en grupo dun informe no que se recollan e analicen os datos obtidos no traballo de campo (Ver Anexo I).
- Proxección e debate das curtametraxes:
- Éramos Pocos de Borja Cobeaga (16')
- El Sirenito de Marisa Crespo e Moisés Romera (7')

- Papás y Mamás de Marisa Crespo e Moisés Romera (3')
- Os estereotipos e roles sociais a xuízo. Xogo de rol para fomentar o debate.
- Exposición e defensa do informe do traballo de campo.

CONTIDOS

Cada unidade didáctica da materia de Psicoloxía do desenvolvemento I describe o proceso de desenvolvemento normativo nun período concreto do ciclo vital, dende o nacemento ate o final da infancia, e en catro ámbitos diferentes: biosocial, cognitivo, lingüístico e socio-emocional. A presente unidade didáctica enmarcase nas prácticas de campo do segundo bloque da materia “Desenvolvemento psicolóxico na primeira infancia: aspectos normativos, determinantes e avaliación” e ten a vocación de introducir ao alumnado no desenvolvemento da identidade de xénero e as diferenzas ligadas ao xénero, dentro do desenvolvemento socio-emocional durante a segunda infancia.

A construción da identidade de xénero

1. Os conceptos sexo e xénero

Sexo e xénero non son termos sinónimos, distínguense porque permiten diferenciar entre os feitos biolóxicos e os feitos sociais, respectivamente. A palabra sexo designa as características ou diferenzas transhistóricas estritamente biolóxicas, mentres que o xénero delimita o conxunto de normas sociais que definen capacidades e comportamentos diferentes segundo o sexo. Desta forma, enténdese que o sexo é inmutable ao longo do tempo e das distintas culturas existentes, mentres que o xénero pode ser modificado segundo a sociedade e o momento histórico no que se viva.

1.2. Diferenzas ligadas ao xénero

As diferenzas de conduta entre nenos e nenas comezan na primeira infancia e continúan ao longo da nenez. Aínda que estas diferenzas teñen causas complexas que representan algunha combinación de factores innatos e factores ambientais, desempeñan un papel profundo no desenvolvemento social e emocional das crianzas.

Dende os primeiros meses de vida é posible observar certas diferenzas entre os bebés de distinto sexo. As nenas soen mostrar un perfil madurativo lixeiramente máis avantaxado que os nenos. Tamén se observa que dende os primeiros anos, os nenos son ser máis activos que as nenas e implícanse en xogos máis vigorosos; observándose tamén diferenzas na eleccións de xoguetes e diferenzas na tendencia a elixir como compañeiros de xogo a outros do mesmo sexo. Así mesmo, dende os 2-3 anos, as nenas amosan ser máis sensibles emocionalmente que os nenos, diferenzas que se manterá ate a idade adulta. Con excepción da ira, as nenas expresan

máis abertamente e intensamente as súas emocións e sentimentos, ao tempo que parecen demostrar máis capacidade na comprensión das emocións dos outros.

Non obstante, é importante sinalar que tanto nos aspectos físicos como nos psicolóxicos, as diferenzas dentro dun grupo sexual soen ser maiores que as diferenzas entre un grupo e outro. En conxunto na maior parte dos ámbitos de estudo as semellanzas predominan sobre as diferenzas. Non obstante, non son infrecuentes as investigacións que atopan unha lixeira vantaxe lingüística nas nenas, e de habilidades espaciais e matemáticas nos nenos.

2. Identidade, estabilidade e constancia de xénero

A identidade ou autoconcepto é unha teoría que construímos de nos mesmas a través das nosas experiencia e ás relacións que establecemos con outras persoas. Esta teorización vén delimitada polas características, habilidades, actitudes e valores que utilizamos para describirnos. A identidade persoal pode ser entendida como (i) Identidade existencial, a conciencia de ser unha mesma distinta dos demais, considerarse unha entidade independente que permanece ao longo do tempo; e como (ii) Identidade categorial, que son as categorías socialmente significativas a través das cales unha pode ser definida. Algunhas delas son estables e outras van transformándose ao longo do ciclo vital da persoa.

A identidade de xénero é unha identidade categorial e defínese como o xuízo de autoetiquetado como home ou muller baseado naqueles aspectos que, ao longo da historia da humanidade, foron conformando culturalmente a cada sexo. A identidade de xénero é definida pola organización social dominante, polo que depende dos contidos da sociedade na que vivimos.

A adquisición da identidade de xénero vai paralela e unida á adquisición da propia identidade existencial e de outras categorías permanentes da identidade. Resulta algo difícil, debido ás limitacións metodolóxicas, poder establecer claramente como se adquire a identidade de xénero pero, pódese propor, con certa seguridade, a seguinte cronoloxía:

- dos nove aos doce meses, os nenos e as nenas amosan certa habilidade para recoñecerse a si mesmos como distintos aos demais. Esta capacidade vén determinada en gran medida polo carácter continxente do estímulo;
- entre os quince e os dezoito meses, a capacidade de recoñecemento está máis desenvolvida, xa non depende tanto da continxencia do estímulo;
- con dous anos de vida, hai un gran número de crianzas que manifestan a habilidade de recoñecerse a través dun amplo espectro de formas tanto continxentes como non. Usan os pronomes persoais de primeira persoa e os posesivos como “meu”, “min” e o seu nome propio;
- este aumento do autorrecoñecemento facilita a aparición do “eu categorial”.

O xénero ao que se pertence é un dos primeiros aspectos que entran a formar parte do autoconcepto e do coñecemento das outras persoas. Este proceso de concienciación desenvólvese gradualmente ao longo da infancia, sendo posible diferenciar tres

etapas. Cara ao final da primeira infancia comezan a ser capaces de identificarse como pertencentes a un ou outro xénero e recoñecen e etiquetan correctamente o xénero das outras persoas. Nesta etapa é cando xorde a identidade de xénero, delimitada polos aspectos máis externos e visibles: peiteado, roupa...

Tras o proceso de identificación, os nenos e as nenas teñen que descubrir a chamada estabilidade de xénero, que é cando comprenden que o xénero é un trazo estable. Pero, aínda atribúen a pertenza a un xénero ou a outro atendendo aos atributos externos e, a pesar de saber que naceron nenos ou nenas e que de maiores van seguir sendo homes ou mulleres, pensan que se cambian de peiteado ou de tipo de roupa mudan de xénero.

Esta falta de consistencia non debe ser interpretada como que para os nenos e as nenas a identidade de xénero e de sexo non ten importancia, xa que define as súas actividades, intereses e opinións. É un dos eixes organizadores de toda a súa vida, e se alguén se atreve a actuar en contra do rol que se lle asigna, é repudiado. Polo que se pode dicir que teñen un forte sentimento de pertenza ao seu sexo. Esta inconsistencia temporal e a atribución da identidade a factores superficiais vén dada pola súa "forma de pensamento". A esta idade as crianzas dependen das percepcións inmediatas e, en consecuencia, non son capaces de impor unha lóxica operacional á información.

Cara aos seis, nove anos, nace a chamada constancia de xénero, que é a conciencia de que o xénero é un trazo invariante das persoas e que non se modifica, por máis que se cambien aspectos externos. Esta adquisición da constancia está ligada ao desenvolvemento cognitivo e á experiencia social do individuo.

3. As teorías sobre a adquisición da identidade de xénero

4.1. Teoría psicanalítica

Segundo Freud a adquisición da identidade sexual acontece durante o terceiro estadio do desenvolvemento psicosexual da personalidade, na etapa fálica, entre os 3 e 6 anos de idade. Durante este período de tempo adquirese o coñecemento do órgano sexual masculino e comezan a masturbarse, a ter medo da castración no caso dos nenos ou envexar o pene no caso das nenas, e a desenvolver sentimentos sexuais cara ao proxenitor do sexo oposto. O medo á castración e a posible perda do obxecto amado provoca que o neno e a nena renuncien aos seus sentimentos de rivalidade co proxenitor do seu mesmo sexo; identifícanse con el, ao desexar ocupar o seu lugar, e adoptando simbolicamente as súas condutas, actitudes e opinións.

4.2. Teoría condutista

Os condutistas afirman que as diferenzas de xénero son unha evidencia de anos de premios e castigos, máis que o produto de calquera etapa específica. A familia, os iguais e o profesorado, polo xeral, premian a conduta adecuada respecto do xénero máis que a conduta inadecuada. Por exemplo, os pais soen eloxiar aos seus

fillos para que non choren cando se mancan e ás súas fillas cando están tranquilas e non se meten en xogos rudos.

Os condutistas destacan que as crianzas non só aprenden as expectativas e condutas relacionadas co xénero a través do reforzo directo senón tamén observando aos demais. Observan a conduta da súa familia, profesorado, e incluso de crianzas da súa mesma idade. Un pequeno ve a gloria dun futbolista e interésase polo fútbol. Unha nena observa a unha veciña facer ximnasia rítmica e empeza a imitala. Observar a recompensa que os outros obteñen por actuar correctamente segundo o xénero conduce á crianza a adoptar esa conduta. Nalgúns casos a aprendizaxe de roles sociais non se realiza por medio de modelos senón que por medio de instrucións directas envíase unha clara mensaxe sobre a conduta que se espera delas. Cando un pai lle pide á súa filla que se comporte como unha nena, ou ao seu fillo como un home, o que soe significar é que as nenas deben actuar de modo educado e cortés, e que os nenos debe ser fortes e imperturbables.

4.3. Teoría cognitiva

Os cognitivistas postulan a existencia de estruturas centrais activas que determinan a forma, dirección e frecuencia da conduta. Son estruturas que están en interacción coa realidade externa á que se adaptan, asimilándoa ou acomodándose a ela. Son estruturas que teñen unha influencia decisiva no proceso de sexuación do individuo. As actitudes básicas de nenos e nenas son conformadas pola súa organización cognitiva. En consecuencia, a medida que vaian mudando estas estruturas cognitivas tamén o farán as actitudes sexuais.

Na primeira infancia, as crianzas fan o xuízo básico e simple da súa identidade sexual. Xuízo cognitivo: son neno ou son nena. Este xuízo está axudado pola información aportada polos adultos, pola súa propia observación...e, sobre todo, polo seu xuízo cognitivo co que organiza as súas actitudes sexuais. Dende este momento tenderán a dar valor positivo ao que está de acordo coa súa propia imaxe. E, a través dunha autclasificación básica, conformaranse as actitudes, valores e estereotipos asociados a ela. Grazas as súas crecentes habilidades cognitivas, desenvolven regras sobre o que é correcto ou non para os homes e para as mulleres. Neste período, cren que as diferenzas sexuais non son debidas a factores biolóxicos senón a conduta ou aparencia. Isto implica que, por un lado, os seus esquemas de xénero sexan moi ríxidos e non admitan violacións das regras. E por outro, deducen que ao crecer ou mudar de aparencia poden cambiar de sexo.

4.4. Teoría biolóxica

A teoría biolóxica considera que todos os aspectos da conduta humana son resultado da interacción entre os xenes e a experiencia temperá. A idea de que moitas diferenzas de xénero teñen unha base xenética é sostida por investigacións recentes en neurobioloxía, que atopan diferenzas biolóxicas entre os cerebros masculinos e femininos. Asumen que os trazos biolóxicos asociados co sexo conducen a diferenzas

de xénero. Por exemplo, algúns estudos mostran que parte do corpo caloso, o feixe de nervios que conecta os hemisferios do cerebro, é proporcionalmente máis grande nas mulleres que nos homes. Para algúns teóricos, esta evidencia indica que as diferenzas de xénero poderían ser producidas por factores biolóxicos como as hormonas. Aínda que abundan explicacións que afirman que o corpo caloso é máis grande nas mulleres como resultado de certas experiencias que inflúen particularmente no crecemento do cerebro. Na infancia fálaselle máis ás nenas que aos nenos, o cal podería producir algún grao de desenvolvemento cerebral. Se é así, a experiencia ambiental produce o cambio biolóxico e non a inversa.

4. Os estereotipos e roles de xénero

A dualidade sexual é unha realidade na nosa sociedade. Ao redor dos dous anos nenos e nenas etiquetan o seu propio sexo e os dous outros empregando palabras como rapaz enfronte a rapaza e muller enfronte a home. Tan pronto como establecen estas categorías, as crianzas comezan a separar o que significan en termos de actividades e condutas. Como resultado dominan unha ampla variedade de estereotipos e roles de xénero. Os estereotipos de xénero son crenzas sociais que mantemos sobre as características que se considera que son apropiadas para homes e mulleres. Os roles de xénero fan referencia ás atribucións e estereotipos relacionados co que un home e unha muller deben facer, como deben comportarse, e en conxunto, a todo os que de eles e elas se espera polo feito de pertencer a un ou outro xénero.

Os/as preescolares asocian moitos xoguetes, roupa, ferramentas, obxectos da casa, xogos, ocupacións e incluso cores con un sexo como oposto ao outro. Incluso antes de que poidan etiquetar o seu propio sexo e asociar enunciados e obxectos con figuras masculinas e femininas, prefiren actividades apropiadas ao xénero. Ao ano e medio, o xogo e as eleccións dos xoguetes son estereotipadas. Entre os 1 e 3 anos, estas preferencias son moi consistentes tanto para nenos como para nenas. Non obstante, aínda que van adquirindo certa conciencia dos roles de xénero, os nenos e nas nenas de 3-4 anos non soen mostrar condutas moi tipificadas, chegando incluso a admitir condutas non acordes cos estereotipos predominantes.

A partir dos 4-5 anos dáse un coñecemento bastante máis preciso dos roles de xénero. Os estereotipos de xénero neste período funcionan como regras xerais inviolables en vez de guías flexibles. Os xuízos que emiten son un produto combinado dos estereotipos de xénero no ambiente e a inmadurez cognitiva dos nenos/as pequenos/as en particular, a dificultade para integrar fontes conflitivas de información. A maioría de preescolares non se dan conta aínda de que as características asociadas ao sexo non determinan se unha persoa é home ou muller. Teñen problemas para comprender que poden ser diferentes en función do seu corpo e similares en moitos outros sentidos. Ademais existe un amplo consenso en considerar que esta rixidez ten un propósito cognitivo, xa que ao ser moi estereotipados axúdalles a definir a súa identidade de xénero. Os atributos diferenciais externos convértense en

imprescindibles porque permiten construír e fortalecer os esquemas cognitivos que sustentan a propia identidade.

Aos cinco anos xa está ben establecido o estereotipo de xénero de actividades e ocupacións. Durante a nenez o coñecemento dos estereotipos fortalécense en áreas menos obvias de trazos de personalidade e logro. Ao mesmo tempo, empezan a darse conta de que os atributos de xénero están asociados aos trazos de xénero, pero non determinados.

5. Principais contextos de socialización do xénero: familia, iguais, e escola

O proceso de adquisición e consolidación da identidade de xénero establécese ao longo do proceso de socialización, mediante os estereotipos, roles e a valoración cognitiva que se realiza das informacións de xénero, dándolles un contido psicolóxico propio. Na primeira e segunda infancia, os principais axentes de socialización responsables da transmisión dos estereotipos e os roles de xénero son a familia e o grupo de iguais.

A familia é unha peza fundamental na formación da identidade de xénero xa que nela danse complexas pautas de interacción nas cales se comparten significados sociais. As crianzas aprenden valores, sentimentos e expectativas a través da interacción con cada membro da súa familia. A división de roles no seo familiar serve como modelo de aprendizaxe para nenas e nenos. Ademais cabe destacar que pais e nais con frecuencia parecen interpretar e atribuír a conduta dos bebés de acordo cos estereotipos de xénero e promoven unha educación diferente na que transmiten as crianzas os valores e as características apropiadas aos seus respectivos xénero.

O grupo de iguais actúa como un axente de socialización en xeral e, dun xeito moi particular, como axente de socialización do xénero. Durante a primeira infancia o descubrimento e adquisición da capacidade de ter amizades constitúe un paso crucial na apropiación do coñecemento social, as normas culturais e a propia identidade. Diferentes estudos subliñan que existen algunhas diferenzas significativas nas interaccións entre os grupos de nenos e de nenas. Por exemplo, o grupo das nenas parece que soe ser máis pequeno en número, máis íntimo e con maior compromiso e intensidade emocional que os grupo de nenos. As nenas polo xeral forman grupos pequenos que denotan proximidade física e intimidade, e son cooperativas e solidarias.... Os nenos, en cambio, forman grupos amplos, corren dun lado a outro, están xerarquizados e son competitivos. Nos xogos infantís obsérvanse estas diferenzas de dinámica. Os denominados xogos femininos son tranquilos, tende a reproducir roles adultos onde explorar as interaccións persoais nos espazos privados (xogar ás casiñas, ás familias...); mentres que, os xogos masculinos son máis competitivos e violentos, buscan o éxito, a exploración do espazo, acentuando a independencia e a confianza nun mesmo.

Os xoguetes posiblemente constitúen unha das formas máis obvias de transición da masculinidade/feminidade tradicionais, así como o mellor xeito de exercitar os roles adscritos ao xénero. Os xoguetes para nenos propoñen actividades de construción a partir da montaxe de pezas que estimulan a creatividade e a habilidade espacial.

Outros xoguetes como as armas ou as naves espaciais estimulan a competitividade, o dominio e incluso a conquista, coa dose de agresividade e confrontación que todo elo esixe. En cambio, os xoguetes para nenas como son as bonecas ou cocifias sitúan as pequenas no ámbito dos roles tradicionais femininos, nai e ama de casa. E mantense tamén o rol de feminidade entendida como o culto ao físico e á beleza mediante o xoguetes tipo tocadores de maquillaxe, creación de xoias....

AVALIACIÓN

O criterio xeral de partida é que a cualificación final debe proceder nun 60% dos contidos teóricos, un 25% de prácticas de campo e un 15% das actividades de avaliación formativa.

Os contidos de carácter teórico serán avaliados mediante un exame final (peso 60%) na data que consta na convocatoria oficial de exames da Facultade de Psicoloxía. O exame será tipo test, e entre o 5 e o 7% das preguntas estarán en relación con esta unidade didáctica. A puntuación mínima para considerarse aprobado será dun 5.

A avaliación das actividades teórico-prácticas levarase a cabo a partir de dous tipos de índices: exames de avaliación formativa, onde un 10% das preguntas estarán en relación con esta unidade didáctica (peso 15%) e actividades prácticas (peso 25%).

Nas actividades prácticas valorarase especialmente o grado de claridade e organización conceptual alcanzado polo alumnado nos debates de grupo (peso 10%), nos informes escritos (peso 50%) e na defensa oral dos traballos de campo (peso 40%), esta última avaliación será realizada polos propios/as compañeiros/as. A nota máxima que poderán obter nesta unidade didáctica será de 1,25. A puntuación obtida na unidade didáctica sumarase para dar lugar á cualificación global da materia, unicamente se está aprobado o exame teórico.

ANEXO 1

DOSSIER
PRÁCTICAS DE CAMPO DE PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO I

CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas de campo e seminarios son unha parte esencial do curso de Psicoloxía do Desenvolvemento I, e que complementan as clases cunha perspectiva aplicada

en algúns dos seus contidos. Ao realizar o traballo de campo e informes, o alumnado serán capaces de:

- familiarizarse coa aplicación dalgúns dos instrumentos de avaliación máis comúns na psicoloxía;
- aproximarse ao uso de algunhas das metodoloxías empregadas para a obtención de datos de desenvolvemento; e
- observar o comportamento e razoamento que caracterizan a evolución dalgunhas das nocións vistas na teoría.

SOBRE O INFORME DE PRÁCTICAS

A realización das prácticas no só é ocasión de observar “en acción” as metodoloxías e conceptos teóricos propios da Psicoloxía do Desenvolvemento. Ademais, debe ser unha oportunidade para aprender a plasmar de maneira coherente e sistemática a información recollida no terreo. Por esta razón, preténdese que cada práctica teña a estrutura dun pequeno informe de investigación. En liñas xerais, o voso informe de prácticas constará das seguintes partes:

1) Introducción, cos seguintes contidos (NON en apartados, senón conformando todo o texto da introdución!!!!):

- Obxectivos: ¿Cal é o propósito desta práctica? ¿Que pretendo pescudar?
- Importancia do tema: ¿por que este tema? ¿cal é a súa relevancia?
- Antecedentes teóricos: ¿Que nos di sobre o concepto ou tema que imos explorar? ¿Que elementos teñen destacado os diferentes investigadores? ¿Como caracterizan a evolución do concepto en cuestión?

2) Metodoloxía, coas seguintes subseccións (agora SÍ diferenciadas):

- Suxeitos. Características relevantes (segundo a práctica) dos participantes no estudo. Ex: Nº de participantes, idade, sexo, composición familiar, escolaridade, etc.
- Procedemento. Comprende unha descrición dos instrumentos utilizados para a recollida de datos (ex. Escala, proba operatoria, observación participante, observación non participante, entrevista, etc.). Ademais, deben describirse os pasos seguidos na realización da práctica.

3) Resultados. Nesta sección incluírase:

- Unha presentación o máis ordenada e sistemática posible dos datos obtidos mediante a aplicación do procedemento correspondente. A forma de presentación dos resultados variará de acordo á práctica, xa que os datos serán de natureza diferente. Consultar as especificacións para o informe en cada práctica.
- Unha análise dos resultados, vinculándoos coa teoría. Esta é a parte máis importante do voso traballo, e nunca debe faltar: ¿Confirman os meus datos o que aprendín na teoría? ¿Que aspectos quedan confirmados? ¿Como os exemplifico cos meus datos? ¿Que aspectos non responden á teoría? ¿Que explicación alternativa podo darlles?

4) Conclusións. Esta última parte deberá conter:

- Unha valoración xeral da práctica: ¿serviume? ¿aprendín algo novo? ¿Como recibiron os participantes o meu traballo?
- Dificultades atopadas. Traballar con suxeitos en xeral, e con crianzas en particular, é unha tarefa especialmente difícil. A miúdo ocorren situacións inesperadas, e as respostas non son as que agardamos. As crianzas adoitan seren moi sensibles ao contexto físico (¿onde?) social (¿con quen?) ou á situación persoal (¿como?) na que se atopen nese momento. Polo tanto, o normal é que as vosas primeiras experiencias no terreo no saian ben de todo. É interesante entón que aprendas a autoavaliarte, detectando as dificultades xurdidas na realización da práctica e propoñendo xeitos alternativos nas que esas dificultades poderían terse superado.

O anterior só é unha pauta xeral de organización do traballo. No dossier, ao final de cada práctica ou seminario, atoparedes suxestións máis precisas sobre o contido e a organización do informe (xa que este pode variar de acordo ao tema a investigar), así como a data límite para entregar cada un dos informes.

PRÁCTICA DE CAMPO Nº 1
CLASIFICACIÓN DE CONDUTAS E ACTIVIDADES DE XOGO EN
FUNCIÓN DOS ESTEREOTIPOS SEXUAIS

A partir do ano e medio, os nenos/as empezan a mostrar preferencia por obxectos e actividades tipificadas socialmente segundo o sexo ao que pertencen. Os nenos/as en torno aos dous anos xa van comprendendo que hai obxectos sexualmente marcados (gravatas, monecas, faldras, etc.) e clasifícanse a si mesmos nun ou outro grupo sexual entre os dous-tres anos. É a partir dos tres anos cando esa tendencia adquire unha clara consistencia que se observa sobre todo no xogo; o neno/a únese a outros compañeiros do mesmo sexo para xogar e elixe xogos e xoguetes “axeitados ao seu sexo”.

Obxectivos: (i) familiarizarse coa metodoloxía observacional e a entrevista semiestruturada como estratexias de recollida de datos evolutivos. (ii) Observar e analizar como se manifestan os estereotipos e roles de xénero en nenos e nenas de diferentes idades en situacións de xogo. (iii) Analizar a evolución da identidade e os estereotipos de xénero ao longo da infancia. (iv) Integar a teoría coa práctica.

Desenvolvemento da actividade: Tras unha breve introdución aos aspectos teóricos e metodolóxicos da práctica, o alumnado analizarán breves secuencias de xogo espontáneo entre nenos e nenas de diferentes idades, tendo en conta as diferenzas evolutivas e en canto aos roles e estereotipos sexuais nos diferentes grupos.

Traballo de campo e informe: O alumnado deberán observar e rexistrar durante períodos de xogo libre os tipos de xogos que os nenos/as levan a cabo. Ademais, escolleranse polo menos tres nenos/as de diferentes idades e aplicaráselles unha entrevista semiestruturada que explora diversos aspectos da identidade, os

roles e os estereotipos de xénero. Rematado o exercicio, elaborarán un informe no que analizarán os datos obtidos en relación co material bibliográfico recomendado.

PROCEDEMENTO:

Ponte en contacto co responsable dun centro educativo ao que acudan nenos/as de 2 a 12 anos, solicita permiso para observar durante períodos de xogo libre (por exemplo, no recreo) os tipos de xogos que nenos/as levan a cabo. Outra posibilidade é realizar a observación nun lugar ao que acudan nenos/as a xogar (un patio ou un parque). Rexistra de forma detallada as actividades de xogo que levan a cabo nenos/as. Analiza estas actividades en función dos estereotipos sexuais e clasifícaa en:

- Propias de nenas.
- Propias de nenos.
- Mixtas (Sen asignarse a ningún sexo).

Ademais, a algunhas crianzas pasaráselles unha entrevista que incorpore os aspectos centrais do autoconcepto, como: identidade de xénero, distinción entre identidade sexual e de xénero, constancia do xénero, así como roles de xénero.

Algunhas preguntas do cuestionario van orientadas a coñecer que factores poden estar a influír nos estereotipos e roles sexuais (familia, escola, sociedade, cultura).

PRESENTACIÓN DO INFORME:

- Introducción teórica.
- Rexistro de observacións. Actividades de xogo seguindo a clasificación (propias de nenos, propias de nenas e mixtas), e no que deben figurar:
 - A. Día e hora da observación.
 - B. Lugar de observación.
 - C. N.º de nenos/as observados e idades.
 - D. Comentario dos comportamentos observados. Pódense acompañar de fotos, gráficas e táboas.
- Desenvolvemento das entrevistas semi-estruturadas.
- Comentario do obtido tanto nas observacións coma nos cuestionarios, relacionándoo co contido do artigo.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

ENTREVISTA

A entrevista baséase nos contidos formulados no artigo de lectura obrigatoria, polo que é moi importante que as preguntas se adecúen correctamente ao nivel de idade para o que deben ir dirixidas.

A devandita entrevista aplícase indistintamente a nenos e a nenas, con excepción das preguntas que están subliñadas que son exclusivas das nenas e as que van en cursiva que o son dos nenos.

1. Como te chamas?
2. Cantos anos tes?
3. Tes irmáns? Cantos?
4. Son nenos ou nenas?
5. Ti que es, neno ou nena?
6. De maior que vas ser un home ou unha muller? Estás seguro/a?
7. Prefires xogar só/a ou cos teus amigos/as?
8. Con quen prefires xogar, cos nenos ou coas nenas?
9. Algunha vez xogas con nenos/as?
10. Xogarías cos nenos/as? por que?
11. Que pensas dos nenos?
12. Que pensas das nenas?
13. Cales son xogos de nenos?
14. Cales son xogos de nenas?
15. A que che gusta xogar cos teus amigos/as?
16. Xogarías ao fútbol? (se a resposta é non) por que?
17. Xogarías con monecas? (se a resposta é non) por que?
18. Que pensarías se ves xogar un neno con monecas?
19. Que pensarías se ves xogar unha nena ao fútbol?
20. Poñerías unha faldra?
21. Poñerías unha gravata?
22. Que che gustaría ser de maior?
23. En que traballa o teu papá? e a túa mamá?
24. Quen cres que debe coidar os nenos/as na casa papá ou mamá?
25. Na túa casa quen está máis contigo papá ou mamá?
26. Quen cres que debe ser que faga as tarefas de casa papá ou mamá?
27. Na túa casa quen as fai?
28. Ti axudas nas tarefas de casa?
29. Cales son os traballos de homes?
30. Cales son os traballos de mulleres?
31. A quen che gustaría parecerse a ti papá ou á túa mamá?
32. Gústache ser nena, por que?
33. Gústache ser neno, por que?
34. Gústache ser neno, por que?
35. Gústache ser nena, por que?
22. Presentación dos debuxos con atributos propios dun determinado xénero.

Lámina 1: Trátase dun crebacabezas de contradicións no que se presenta unha cabeza de muller con corpo de home, e unha cabeza de home con corpo de muller.

Lámina 2: Nesta lámina preséntanse catro nenos nus, dous deles diferéncianse polo cabelo e outros dous que só o fan polos xenitais.

BIBLIOGRAFÍA

- BERGER, K.S. (2004). *Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia* (pp. 315-324). Buenos Aire: Médica Panamericana.
- BERK, L. (1999). *Desarrollo del niño y el adolescente* (pp. 679-730). Madrid: Prentice Hall Iberia.
- HIDALGO, V., e Palacios, J. (2007). El género y su papel en el desarrollo personal. En J. Palacios, A. Marchesi, e C. Coll (Comps.), *Desarrollo psicológico y educación: Vol. I Psicología Evolutiva* (pp. 277-282). Madrid: Alianza Editorial.
- PALACIOS, J., e Hidalgo, V. (2007). El género y su papel en el desarrollo personal. En J. Palacios, A. Marchesi, e C. Coll (Comps.), *Desarrollo psicológico y educación: Vol. I Psicología Evolutiva* (pp. 371-374). Madrid: Alianza Editorial.
- LÓPEZ, F. (1998). Adquisición y desarrollo de la identidad sexual y de género. En J. Fernández (Coord.), *Nuevas perspectivas en el desarrollo del sexo y del género* (58-61). Madrid: Ediciones Pirámide.
- ZARO, M. J. (1999). La identidad de género. *Revista de Psicoterapia*, 10, 5-22.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA